

ACTA NÚM. 3 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DENTRO DA LISTAXE COMPLEMENTARIA DE PERSOAL CONDUTOR/A PEL CONCELLOS _ Probas e valoración do concurso

Proceso selectivo: 1 CONDUTOR/A

No despacho do Servizo de Persoal e Emprego do Concello de Rianxo, ás 09:30 h do día 02/06/26, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 condutor/a ao abeiro da listaxe complementaria de persoal concellos PEL CONCELLOS, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 473/2026 do 07/05/2026 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 503/2026 do 12/05/2026 coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, funcionaria municipal do Concello de Rianxo

1º vocal: Mª José Fungueiriño Tubío, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

2º vocal: Enrique M. López González, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

3º vocal: Mª Aurora Rodríguez Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes deste proceso:

Primeiro: o día 21/05/2026 recibíuse o resultado da nova oferta de emprego que incluía a 1 persoa; o aspirante presenta o día 26/05/2026 no Rexistro Xeral do Concello a documentación para participar no proceso.

Segundo: o Tribunal comproba que o aspirante reúne os requisitos para participar no proceso de selección polo que se decide realizarlle a proba escrita e a de galego ao aspirante para o que se lle entregan xa as 2 probas xuntas e se lle dá o tempo establecido nas bases para realizalas:

- exame tipo test: iniciase ás 10:15 h e remata ás 10:35 h.
- proba de galego: iniciase ao remata o exame test e remata ás 10:40 h.

O Tribunal corrixe as 2 probas co resultado de 8,50 puntos no exame test e APTO na proba de galego.

Ás 11:15 h comunícaselle ao aspirante que superou as 2 probas e que, polo tanto, ten que facer a proba práctica de manexo de camión e de tractor para o que é necesario trasladarse á zona exterior do Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo.

Ás 11:40 h iníciense as probas prácticas que rematan ás 12:05 h e que o aspirante supera coas seguintes puntuacións:

- manexo de camiión: 7 puntos
- manexo do tractor: 8 puntos

Ao remate destas probas, unha vez informado o aspirante de que superou as probas, o Tribunal volve ao despacho do Servizo de Persoal e Emprego para realizar a valoración dos méritos, segundo o establecido nas bases do proceso; o aspirante non presentou documentación xustificativa de méritos polo que a puntuación neste apartado é de 0 puntos.

Unha vez rematada a valoración do concurso, o tribunal establece que a puntuación final acadada polo aspirante é a seguinte:

APELIDOS E NOME	Exame Test	Galego	Manexo camiión	Manexo tractor	Concurso	TOTAL
MARTÍNEZ MIGUÉNS, FRANCISCO	8,50	APTO	7	8		

Terceiro: O tribunal propón á seguinte persoas para a súa contratación como condutor de PEL CONCELLOS:

APELIDOS E NOME
MARTÍNEZ MIGUÉNS, FRANCISCO

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12:40 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola secretaria do tribunal.